



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
SANTO ESTEVO DE NEGROS
23 DE SETEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

No Centro Cultural de Santo Estevo de Negros, sendo as vinte e unha horas, do día vinte e tres de setembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Manuel Amoedo Otero, representante do PS de G – PSOE
- María del Carmen Amoedo Dasilva, representante do PP
- Agustín González, representante do BNG
- Esteban Parada Díaz, representante de AER
- Carmen Rodríguez Álvarez, representante das asociacións veciñais
- José Manuel Pérez Alonso, representante das asociacións culturais
- Juan José Cabaleiro Balado, representante da comunidade de montes
- Emilio Antón Otero, representante das asociacións culturais
- Gerardo Pazos Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Ángeles Pazos Cabaleiro, representante das asociacións de mulleres

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JULIO CARLOS ALONSO MONTEAGUDO, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos

O Presidente informa que estes orzamentos participativos proveñen do 1% do orzamento do Concello de Redondela que se distribuíu entre as parroquias de xeito equitativo, correspóndendolles a cada unha 13.500 euros. Os colectivos das parroquias son os que deben agora decidir onde se invisten eses cartos.

Carmen Rodríguez Álvarez pregunta se é o Concello o que elixe ou os colectivos porque o Alcalde na xuntanza do Multiusos dixo que era a veciñanza, pero aquí hai representantes políticos.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que, das propostas presentadas, faranse as que se poidan facer de acordo cos trámites administrativos e dentro da legalidade respectando o orzamento establecido. O Consello Parroquial está formado por representantes da veciñanza e por representantes políticos, estando éstos en minoría, se os colectivos veciñais do Consello Parroquial toman un acordo, as/os representantes políticos poderán opinar, pero non terán a forza suficiente para que non sexa aprobada unha proposta veciñal.

Manuel Amoedo Otero pregunta se os temas que se tratan no Consello Parroquial non teñen antes que pasar pola assemblea dos diferentes colectivos.

Carmen Rodríguez Álvarez di que as/os representantes dos colectivos veciñais xa se reuniron para establecer as prioridades dos investimentos dos orzamentos participativos.

María del Carmen Amoedo Álvarez di que, como representante do PP neste Consello, vai respectar as propostas dos colectivos veciñais xa que son os que máis coñecen as necesidades da parroquia e que lle gustaría coñecer as propostas da veciñanza.

Ángeles Pazos Cabaleiro entrega as propostas para que sexan incorporadas á acta, sendo as seguintes:

- 1.- Aumentar o aparcamento na zona do Centro Cultural, poñendo puntos de luz na pista de futbito, o saneamento e muro de peche.
- 2.- Poñer puntos de luz no Camiño do Sapal e quitar poste de luz na estrada.
- 3.- Parque para maiores.

Juan José Cabaleiro Balado di, en relación coa primeira proposta, que sería rematar o proxecto de urbanización que xa está aprobado para a zona.

María del Carmen Amoedo Dasilva di que haberá que comprobar a situación do proxecto para ver se aínda se pode executar ou fai falta algún informe como por exemplo do arquitecto municipal. En relación ao parque biosaudable deberá poñerse en solo municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

Juan José Cabaleiro Balado di que na zona do centro cultural sería un bo sitio, xa que é municipal.

Emilio Antón Otero di que o parque haberíao que colocar nun lugar de paso, onde a xente vaia a camiñar.

Carmen Rodríguez Álvarez di que o lugar do centro cultural lle parece adecuado porque sempre hai veciñas/os que se achegan.

Agustín González di que ao grupo municipal do BNG non lle parece adecuado o reparto equitativo dos orzamentos participativos. Este reparto non respecta as diferentes necesidades das parroquias, xa que as parroquias non teñen as mesmas infraestruturas. As parroquias que menos teñen, como é o caso de Santo Estevo de Negros, deben ter unha discriminación positiva. Asemade para a realización das obras deben realizarse os trámites de forma áxil porque só quedan catro meses para final de ano e estas obras deben estar rematadas. Con esta premura pode non establecerse ben as prioridades das necesidades da parroquia. Que o seu partido entende que a postura dos partidos políticos nos consellos parroquiais sempre é a sumar e é no propio consello onde se teñen que mollar coas proposicións da veciñanza.

Manuel Amoedo Otero pregunta se os 13.500 euros é o que o Concello de Redondela ten previsto investir na parroquia e quen ten que contratar á empresa.

O Presidente informa que o Concello é o responsable das obras que se fagan, pero que o Consello Parroquial pode involucrase pedindo orzamentos e participar na medida que desexe.

María del Carmen Amoedo Dasilva di que en relación coas decisións de investimento dos orzamentos participativos o Concello só fiscaliza o gasto.

O Presidente informa que este investimento non é o único que se vai a facer na parroquia. O Concello ten proxectado facer investimentos en todas as parroquias e cada parroquia poderá decidir directamente o destino do gasto de 13.500 euros.

Manuel Amoedo Otero di que serían as asociacións veciñais as que terían que xestionar os cartos, pois son as que mellor coñecen as necesidades da



CONCELLO DE REDONDELA

parroquia e onde se teñen que realizar os investimentos e que na súa opinión o máis importante na parroquia neste momento é o saneamento.

O Presidente di que o Concello ten que intervir, xa que se trata de obras municipais. Estes orzamentos o que fan é que a veciñanza priorice investimentos na súa parroquia, porque ás veces as prioridades do Concello non coinciden coas da propia parroquia.

Esteban Parada Díaz di que por parte do grupo municipal AER non haberá ningún problema en aprobar as propostas que realice a veciñanza e sexan beneficiosas para a parroquia. AER ben aos consellos parroquiais a sumar e non a restar. Aproveita para informar de verquidos de auga procedentes do AVE e que habería que canalizalos para aproveitar a auga.

Agustín González pregunta polo procedemento que se vai seguir agora. O Presidente di que se executará o proxecto que sexa viable polo orde de preferencia establecida pola veciñanza de acordo coa legalidade e axustándose ao importe dos 13.500 euros e solicitando polo menos 3 orzamentos.

Carmen Rodríguez Álvarez pregunta se o Concello poría máis cartos se a obra sobrepasa os 13.500 euros. O Presidente di que hai que axustarse a ese importe, se se trata dunha moi pequena variación poderíase ter en conta.

Juan José Cabaleiro Balado propón que se realicen as obras ata que se esgoten os 13.500 euros.

Gerardo Pazos Cabaleiro pregunta se hai un orzamento que fai unha obra, por exemplo un muro de 5 metros e outro que o fai por 6 metros se se pode escoller o orzamento que sexa máis beneficioso.

O Presidente di que haberá que axustarse ao proxecto e sobre o dos orzamentos propón que se decida se será a veciñanza a encargada de xestionar os orzamentos ou o Concello.

Apróbase por maioría de votos que sexa o Concello o encargado de xestionar os orzamentos cos votos a favor de: Manuel Amoedo Bastos, José Manuel Pérez Alonso, Juan José Cabaleiro Balado, Gerardo Pazos Cabaleiro e Ángeles Pazos Cabaleiro; cos votos en contra de: Carmen Rodríguez Álvarez e



CONCELLO DE REDONDELA

Emilio Antón Otero; e coas abstencións de: María del Carmen Amoedo Da Silva, Agustín González e Esteban Parada Díaz.

O Presidente somete a votación a proposta da veciñanza sobre as obras a realizar que queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes de acordo co orde de preferencia indicado na proposta entregada que se incorpora como anexo desta acta.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.